

CONCELLO
DE VIGO



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

MIMO CIRCUS PARTY SHOW

Pistacatro

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

VENRES 2

19:00h - Rúa do Príncipe dende o MARCO

CIRCO | TODOS OS PÚBLICOS | 45 MINUTOS | SEN TEXTO



Procedencia: Galicia

Sinopse

Show itinerante con malabaristas, equilibristas, zancudos, hula-hopps e moito humor para encher as rúas de festa e de CIRCO. A maxia do Circo Clásico e dos Mimos da man de *Pistacatro* para encher de cor e maxia as rúas da vila de Vigo.

PRESENTACIÓN
DA PROGRAMACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



DIMINUTS

LA FAM Teatre

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

SÁBADO 3

20:00h - Rúa do Príncipe dende o MARCO

TEATRO DE RÚA | TODOS OS PÚBLICOS | 60 MINUTOS | SEN TEXTO

Ficha técnica e artística

Elenco artístico: Santi Martínez, Víctor Segarra, Juanan Lucena, Sergio Ibáñez, César Marín, Aitor Mendieta, Marta Martín, Xavi Castelló e Sergi Heredia.

Dirección e idea orixinal: Sergi Heredia

Composición musical: Juanjo Ballester

Deseño de vestuario e escenografía: César Marín

Vestuario: Pascual Peris

Construción escenográfica: Óscar de Paz

Administración: Sara Broch

Fotografía: Juan Vicent

Video: Lluerna Producció Audiovisual

Deseño gráfico e web: Eclectick Studio

Producción: LA FAM Teatre

Sinopse

Los Diminuts aparecen transportando as súas enormes ferramentas e desprazándose polas rúas cos seus grandes vehículos...

Para eles todo perdeu a proporción, as escalas cambiaron, pero *Los Diminuts* seguen sendo igual de pequenos, polo menos á beira das súas grandes estruturas... Aínda que atención, no seu universo nada é o que parece!



Procedencia:
Comunidad Valenciana

PRESENTACIÓN
DA PROGRAMACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ÁNDALE, BON APPÉTIT!

Teatro Ghazafellos

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

DOMINGO 4

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | +5 ANOS | 50 MINUTOS | GALEGO | 5€



Ficha técnica e artística

Elenco: Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho

Dirección: Pepablo Patinho

Vestuario: Teatro Ghazafellos

Escenografía e atrezzo: Teatro Ghazafellos

Distribución: Urdime

Premios

Finalista a mellor proposta para público familiar nos Premios María Casares 2024.

Sinopse

Ándale, Bon appétit! é unha reposición da exitosa obra de teatro Ghazafellos 'Bon Appétit'. Nesta ocasión, os nosos queridos chefs Felipe, Antonio e Francisco prepararán deliciosos pratos mexicanos facendo un pequeno repaso pola historia do país. Tamales, enchiladas, tacos... unha chea de receitas aderezadas co humor dos Ghazafellos e acompañadas coa aparición de personaxes como Pancho Villa ou Frida Kahlo. Coma sempre, a participación do público será imprescindible.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Galicia

O QUE XERMOLA DO LUME

A Tríptica Teatro

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

VENRES 9

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO CONTEMPORÁNEO | TODOS OS PÚBLICOS | 60 MINUTOS | GALEGO | 8€

ESTREA
ABSOLUTA

Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Interpretación e creación escénica: Gema González

Creación: A Tríptica Teatro

Dramaturxia: Diana Longa

Dirección de movemento: Belén Bouzas

Escenografía e iluminación: Noa Iriarte

Espazo sonoro: Carabela

Deseño gráfico: Laura Karnero

Produción: A Tríptica Teatro

Datos relevantes

A Tríptica Teatro destina o 5 % do caché de cada función a asociacións ou comunidades afectadas polos incendios forestais, reforzando o compromiso do proxecto co territorio.

Sinopse

O que xermola do lume é unha peza de teatro contemporáneo que aborda os incendios forestais en Galicia como unha ferida colectiva e como metáfora dun sistema que arrasa co territorio, coa memoria e cos corpos.

A través do teatro físico, o movemento, a palabra, a luz e a creación sonora orixinal, a obra constrúe unha viaxe que transita da destrución á rexeneración, preguntándose que permanece cando todo parece desaparecer e que pode volver xermolar despois do lume.

Partindo de testemuñas reais e dun proceso de investigación desenvolto no territorio galego, a peza propón unha experiencia escénica poética e sensorial que invita ao público a reflexionar sobre a relación entre comunidade, memoria e natureza.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



BEGOÑA CAAMAÑO, O TRANSGREDIR DAS ONDAS

Berrobambán

OUTUBRO

SÁBADO 10

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO (+14) | 50 MINUTOS | GALEGO | 8€

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Galicia



Ficha técnica e artística

Interpretación: Rocío González

Dramaturxia: Paula Carballeira

Dirección: Chiqui Pereira

Escenografía e iluminación: Beatriz de Vega

Distribución: Urdime

Sinopse

Unha peza de Berrobambán que reivindica a condición de xornalista radiofónica de Begoña Caamaño abordando temas fundamentais na súa obra como a igualdade entre homes e mulleres, a solidariedade, a implicación cos problemas dos sectores sociais máis desfavorecidos e a importancia da liberdade de expresión no xornalismo. Na peza, unha xornalista recibe en herdanza un caderno dunha amiga íntima de Begoña Caamaño e decide realizar a gravación dun podcast en directo para expoñer algunhas das facetas menos coñecidas da escritora.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FIADORA DE SOÑOS

O Baúl da Tía Tola

CONCELLO
DE VIGO




OUTUBRO

DOMINGO 11

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | FAMILIAR, +5 ANOS | 50 MINUTOS | GALEGO | 5€

ESTREA



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Actrices e creadoras: Anna Cañadillas e Soraya Paradela

Dirección: Manuel Polo

Dirección coreográfica: Olga Cameselle

Deseño de luces: Javier Quintana

Deseño de son: Javier Quintana

Vestuario: La Canalla

Escenografía: Dani González

Deseño gráfico e vídeo: Marcos Mosquera

Fotografía: Lino Escurís

Asesora escénica: Xoana Baz

Distribución: Hurlé Prods

Sinopse

Unha inventora gruñona e unha rapaza chea de vida coñécense grazas a unha máquina moi especial chamada Fiadora de soños. Esta máquina fabrica cintas para soñar bonito.

Xuntas forxan unha curiosa e bonita relación de amizade...

...Pero cando a rapaza descobre que a cinta funciona tamén cando está esperta... todo cambia.

Unha historia divertida e emotiva sobre a amizade, a imaxinación e o perigo de perderse nos soños se esquecemos vivir. Unha metáfora sobre o uso e abuso das pantallas, contada con humor, poesía e moita artesanía escénica.

Un espectáculo de teatro familiar creado dende o cariño, con escenografía feita a man, moito mimo nos detalles e un fondo que dá que pensar sen dicir que facer.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



A VELADA DE LONDRES

ButacaZero

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

VENRES 16

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO (+12) | 65 MINUTOS | GALEGO | 8€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Elenco artístico:

O Doutor: Xurxo Cortázar

Harker: Teo Piñeiro

Mina: Sophia Rodal

Chelista e cantante: Esperanza Mara

Banda sonora: Iago Hermo

Deseño de luz: Violeta Martínez

Espazo escénico: Beatriz de Vega

Figurinista: Carlos Pinilla

Produción: ButacaZero

Dirección: Xavier Castiñeira

Sinopse

A nova estrea de ButacaZero nace como fonda homenaxe a Manuel Lourenzo, finado o pasado ano. Mestre e mentor de Xavier Castiñeira (e de tantas outras persoas que conforman o teatro galego profesional na actualidade) a súa palabra, a súa mirada e o seu compromiso coa escena seguen vivos en cada unha das novas creacións e continúan así iluminando o camiño de novas xeracións.

A Velada de Londres mergúllanos na súa visión sobre o universo de Drácula, unha das súas obsesións creativas. Nela imaxina unha escena tras o primeiro capítulo da novela de Bram Stoker, cando Jonathan Harker coñece ao Conde en Transilvania. No retorno a Londres xunto á súa muller Mina, Jonathn revive obsesivamente aquela experiencia, e a súa relación esborrállase entre o desexo, o medo e a fascinación.

A presenza en escena de Esperanza Mara, chelista e soprano, farán que o público poida gozar dunha velada teatral, pero tamén musical.

A representación completárase cunha pequena exposición dedicada á vida, obra e legado de Manuel Lourenzo. Un convite a descubrir e celebrar a memoria dun creador que deixou unha pegada imborrable no teatro galego.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



POETA (PERDIDO) EN NUEVA YORK

El Aedo

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

SÁBADO 17

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | XUVENIL/ADULTO | 70 MINUTOS | CASTELÁN | 8€

Ficha técnica e artística

Dirección: Jesús Torres
Texto, dirección e interpretación: Jesús Torres
Escenografía e vestuario: Juanjo González Ferrero
Coreografía: Mercé Grané
Producción: Iván Flores
Deseño de iluminación: Jesús Díaz Cortés
Videoescena: Leonardo Lapeña
Fotografía: Moisés F. Acosta
Espazo sonoro: Alberto Granados Regullón
Audiovisual e xiratorio: Antonio Villar
Maquillaxe: Olaya Moreno, Irene López

Premios

Premios Max 2026: Mellor deseño de produción privada
Festival Internacional Cultura con Orgullo 2026: Mellor actor Jesús Torres

Sinopse

A viaxe que cambiou a vida de Federico García Lorca. Unha adaptación teatral que combina o poemario de Lorca e as cartas que enviou á súa familia dende Nova York.

Federico viaxa á Gran Cidade buscando a paz que non atopa en Madrid, pero dáse de bruzos co Nova York do crack do 29. A deshumanización e a depresión que atopa alén do océano solaga a súa poesía e cámbiaa para sempre. A través dos seus poemas e cartas, coñeceremos ao Federico máis íntimo e humano, ao mozo que viaxa a unha gran urbe para perderse e atoparse a si mesmo. Poemas como "O rei de Harlem", "Cidade sen soño" ou a "Oda a Walt Whitman" combínanse con outros poemas do "Diván do Tamarit", cartas e obras como "O público" para achegar a poesía de Lorca ao público novo e adulto nunha imponente posta en escena.

O espectáculo vai a acompañado dun videoxogo sobre Federico García Lorca e a súa viaxe a Nova York.



Procedencia: Madrid

CONCELLO
DE VIGO



MULAR (O LA GRAN CAPTURA)

Cinc Cèntims Teatre

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

DOMINGO 18

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | FAMILIAR, +6 ANOS | 45 MINUTOS | CASTELÁN | 5€



Ficha técnica e artística

Dirección: Víctor Borràs

Texto orixinal: Víctor Borràs

Elenco: Mariona Blanco, Pau Castillo e Irene Mas

Música orixinal: Anna Sala

Deseño e construción da escenografía: Joan Pena, Elisabet Pané e Quimet Felis (Plànton Escena)

Deseño e confección do vestiario: OcuitO confecció d'il·lusions

Deseño de iluminación: Marc Espinosa

Mentoría: Margarida Troguet

Fotografía e vídeo: Pere Lloveras (Circular Comunicació)

Deseño gráfico: Ariadna Sala Studio

Premios

Premio FETEN á Mellor Escenografía e Caracterización 2026.

Sinopse

Mular (o la gran captura) é unha fábula mariña sobre o medo ao descoñecido e a necesidade humana de controlar a natureza e tirarlle proveito.

É unha historia sobre a coraxe de desafiar as normas, sobre como os relatos populares explican moito máis do que parecen e sobre como un acontecemento extraordinario pode sacudir os cimentos da comunidade.

Dúas amigas que viven nunha vila da costa saen unha noite para contemplar o mar. Non imaxinan que esa escapada, aparentemente inocente, levaraas a descubrir unha criatura insólita. Cando o Sereno o descobre, dá a voz de alarma e mobiliza a todo o pobo para capturala. Esa decisión colectiva transformará a vida das dúas mozas e tamén a dos seus veciños e veciñas.

Procedencia: Cataluña

CONCELLO
DE VIGO



TELMA E LOLA

Teatro de Ningures

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

VENRES 23

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO | 75 MINUTOS | GALEGO | 8€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Elenco artístico: Casilda Alfaro, Iria Pinheiro, Mónica Camaño e Fran Paredes

Dirección: Salvador del Río

Texto: Daniel D. García e Sandra Lesta

Deseño escenografía: Pablo Giráldez, "O PASTOR"

Deseño vestuario: Sonia Rúa

Espazo sonoro: Héctor Pazos

Deseño iluminación: Héctor Pazos/Salvador del Río

Deseño gráfico, fotografía, cartel e programa: Diego Seixo

Contratación: Lillian Portela, AMARELO Distribución

Premios

Recoñecemento Socia de Honra Escena Galega.

Premio da Crítica de Galicia 2025. Artes Escénicas.

Premio Xiría ao labor teatral.

Premio Xoan de Cangas Artes Escénicas. Concello de Cangas.

Síntese

Lola chega á vila onde naceu e da que marchou hai vinte anos coa súa parella, Rosalía, dun día para outro e sen que ninguén soubera ben o motivo. Ou case ninguén.

Agora regresa para baleirar a casa, poñela en venta e liscar de novo a Tenerife. Unha visita de puro trámite. Lola pretende evitar a toda costa o trato social cos habitantes da vila e calquera cousa que lle faga remexer no seu pasado. Pero o seu plan axiña se torce.

A axente que se vai encargar da venta, Telma, é una moza insegura e entusiasta que ten idealizadas a Lola e Rosalía por ter sido a primeira parella lesbiana da vila. E máis naquela época.

Telma busca unha nova vocación como creadora de contidos e ve na historia de Lola un tema perfecto para o seu podcast. Lola, espantada pola curiosidade da moza, tenta tirarlle esa idea da cabeza. Pero non hai xeito. Telma investiga pola súa conta e chega á conclusión de que a fuxida de Lola e Rosalía oculta un segredo aínda máis grande.

Un morto. Un crime. Un misterio sen resolver.

TEATRO DE NINGURES. 1986-2026. 40 ANIVERSARIO



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



BESTSELLER, LA OBRA QUE LORCA NUNCA ESCRIBIÓ

Horma Creativa SL

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

SÁBADO 24

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO-COMEDIA CONTEMPORÁNEO | ADULTO | 80 MINUTOS | CASTELÁN | 12€



Procedencia: Madrid

Ficha técnica e artística

Elenco:

Paco - Nacho Guerreros

María - Ana Arias

Begoña - Rebeca Sala

Kiara - Andrea Alvarado

Dirección: Gabriel Olivares

Axudante de dirección: Jesús Redondo

Texto orixinal: Ozkar Galán

Unha produción de Horma Creativa, Mr. Chaise Longue, Vania Produccions

Distribución: Amor al Teatro - Cuca Villén

Deseño de iluminación: Carlos Alzueta

Deseño de escenografía: Asier Sancho

Deseño de vestiario: David DeGea

Espazo sonoro: Marina Tostón

Video escena: Daniel Estevan

Asesor de movemento: Andrés Acevedo

Producción executiva: Helena Gracia e Jordi Millán Vila

Coordinador técnico: Pau Duvidé

Deseño Gráfico e Marketing: Horma Creativa

Prensa: Futura Comunicación

Fotografía de cartel: Gerard Magrinyà

Fotografía de escena: Ale Palacios

Sinopse

Bestseller, a obra que Lorca nunca escribiu é unha comedia feroz de Ozkar Galán, dirixida por Gabriel Olivares, que satiriza a pose en redes sociais, o ego e a necesidade de viralidade no mundo cultural actual. A trama segue a Paco, un escritor en horas baixas cuxo último libro pasou completamente desapercibido. A súa muller, Begoña, ten claro que o problema non é a historia, senón a mercadotecnia, e ficha a María, unha *community manager* capaz de converter calquera cousa en tendencia. Para triunfar haberá que cambialo todo: nome, identidade e ata xénero literario. O resultado é unha novela sobre Lorca que Paco xamais escribiu e un fenómeno viral que nin el mesmo entende. Entre memes, *fake news* e campañas de promoción delirantes, a obra converte a cultura, a marca persoal e a fabricación do éxito en materia dunha comedia afiada, actual e profundamente recoñecible.

Bestseller é unha comedia contemporánea sobre a fabricación da fama, as redes sociais, as *fake news*, a pose cultural e a identidade convertida en produto. O nome de Federico García Lorca funciona como detonante do conflito, non como punto de partida dunha obra biográfica. A proposta combina humor popular, crítica cultural e unha linguaxe escénica accesible, cunha repartición de ampla traxectoria en teatro e televisión.

CONCELLO
DE VIGO



COMED[IA] Píscore

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO

DOMINGO 25

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | TODOS OS PÚBLICOS | 50 MINUTOS | GALEGO | 5€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Elenco artístico: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas

Dirección: Fran Rei

Sinopse

O soño de conquistar o espazo non naceu coa tecnoloxía moderna: é unha pulsión antiga, unha mestura de curiosidade, ambición e aventura. Primeiro foron os telescopios, despois as grandes misións espaciais e agora o turismo polas estrelas. Pero queremos ir máis alá. Ata o infinito, e máis alá!

En Comed[IA], Píscore mergúllase no universo da carreira espacial pasada, presente e futura, as novas tecnoloxías, a Intelixencia Artificial e todas as incógnitas que aínda nos agocha o espazo exterior. Chegaremos a habitar Marte? Hai vida noutros planetas?

Como será a música alén da Vía Láctea?

Dirixida por Fran Rei, nesta cuarta montaxe de creación propia Píscore ofrécenos unha nova dose de humor e música, con gags trepidantes, referencias cinematográficas, unha visión divertida da actualidade e novos instrumentos, como o theremín ou o otamatone. E todo isto con astronautas, extraterrestres, naves espaciais e o Universo de fondo.

Houston, temos un problema: Volve Píscore!



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



GIRASOLES PARA MARÍA. HOMENAXE A MARÍA CALLAS, TINA TURNER, LA LUPE E CELIA CRUZ

Gretel Cazón

OUTUBRO

VENRES 30

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO MUSICAL | ADULTO | 60 MINUTOS | CASTELÁN | 8€

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Cuba

Ficha técnica e artística

Autor: Irán Capote

Director: Joel Angelino

Actriz e cantante: Gretel Cazón

Asesoría de interpretación: Mirtha Ibarra

Deseño sonoro e iluminación: Joel Angelino

Sinopse

Girasoles para María é un espectáculo unipersoal musical que conta a vida dunha exitosa cantante, María León, que despois dunha función, e diante do espello do seu camerino namentres se prepara para reunirse co amor da súa vida, reflexiona sobre os seus temores e inseguridades a consecuencia das malas experiencias vividas en relacións amorosas anteriores que sempre puxeron en risco a súa profesión.

O amor por Germán, un vendedor de flores que coñeceu á saída do seu ensaio e que a namorou cun xirasol, faina regresar ao parque. Mentres o espera, María establece un máximo paralelismo coas vidas sentimentais das cantantes que interpreta: María Callas, Tina Turner, La Lupe e Celia Cruz. Cantando as súas cancións e

evocando os seus éxitos e as súas desgrazas, realiza unha viaxe interior en busca da felicidade; está segura de que, esta vez, a relación si funcionará.

A artista debátase entre a súa carreira e a urxente necesidade de sentirse amada, pero algo cambia dentro dela, a espera e a unión coa súas divas fana transformar e atopar as súas verdadeiras prioridades.

María vai tecendo coas cancións e as anécdotas autobiográficas, un novo traxe para interpretar a súa mellor canción.

Representacións relevantes

Participación no Festival Internacional San Canarias de Cuba 2025.
Participación no Festival Singular 2026 en Narón, A Coruña.
Participación no XIV Festival Internacional de Teatro de Alentejo FITA 2026.

CONCELLO
DE VIGO





OUTUBRO

SÁBADO 31

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO CONTEMPÓRANEO | ADULTO | 85 MINUTOS | CASTELÁN | 12€

Ficha técnica e artística

Elenco: Juan Echanove como Pierre, Joaquín Climent como Cecil

Texto: Ignacio García May

Dirección: Eduardo Vasco

Escenografía: Carolina González

Iluminación: Miguel Angel Camacho

Axudante de dirección: Abel Feris

Axudante de escenografía: Sara Lamadrid

Fotografía: Javier Naval

Vídeo: David González

Unha coproducción de Teatro Español e Entrecajas Producciones Teatrales.

Sinopse

Pierre e Cecil, dous vellos amigos, reúnen-se despois de moitos anos. A súa conversación, mesturada con recordos e reflexións, está atravesada pola espera dun misterioso autor que nunca vai chegar.

Ou quizá estivo presente desde o principio?

Esencia é unha das obras máis enigmáticas de Ignacio García May, un labirinto de percepcións onde a realidade se cambalea e tórnase difusa. Unha invitación á reflexión e ao cuestionamento das nosas propias certezas, unha exploración sobre a realidade que nos rodea

Procedencia: Madrid



ÚNICOS

DA.TE Danza

NOVEMBRO

DOMINGO 1

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

DANZA | +3 ANOS | 42 MINUTOS | SEN TEXTO | 5€

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Andalucía

Ficha técnica e artística

Bailaríns e coreografía: Álvaro G. Copado y Raúl Durán.
Dirección e coreografía: Omar Meza
Dramaturxia: Nieves Rodríguez.
Dirección teatral: Concepción Villarubia.
Asistencia coreográfica: M^a José Casado.
Composición musical: Jesús Victoria.
Deseño e construción escenográfica: Fabián Huertes.
Deseño de iluminación: Aitor Palomo.
Deseño de vestuario: Javier Lévon.
Produción e comunicación: Enrique Fernández.

Premios

Premio Fetén 2026 ao mellor espectáculo de danza.
Mención especial na Feira de Palma 2026.

Sinopse

Únicos é a espesura do bosque, ese no que construímos, con tempo e amor, o noso eu interno coma se dunha obra de arte se tratase.

É tamén a creación identitaria onde dous nenos se atopan e se recoñecen como o que son: únicos.

Cando deixamos de ser quen somos? Canto peso ten a nosa identidade social, política ou cultural? Somos o que outros din que somos?

A estas preguntas achégase *Únicos*, un espectáculo de danza contemporánea que propón de maneira dinámica e fluída unha viaxe existencial.

Únicos é, en último termo, a travesía que supón a creación identitaria como unha obra de arte.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



DENTRO Y FUERA

Pepe y Lucas

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO

VENRES 6

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO COMEDIA | ADULTO (+12) | 90 MINUTOS | CASTELÁN | 8€

Ficha técnica e artística

Elenco: Pepe Romeu e Lucas Romeu

Produción: Etiqueta Negra

Dirección de escena: César No

Dirección audiovisual: Aitana Vázquez

Texto: Pepe Romeu, Lucas Romeu e Ernesto Is

Voz Lord Algoritmo: Carlos Jota

Escenografía e iluminación escénica: José Faro

Espazo sonoro: Pepe Romeu, Lucas Romeu e César No

Asistencia técnica escénica: Javier Quintana

Iluminación audiovisual: Gustavo Mera

Son directo: Javier Justo

Vestuario: La Mapache

Cámara, montaxe, etalonaxe, deseño sonoro e mestura,

composición dixital: Aitana Vázquez

Efectos visuais e animación: Jesús Enrique Varela

Sinopse

E se personaxes creados en internet cobran vida propia por decisión do algoritmo?

En *Dentro y Fuera*, os verdadeiros Pepe e Lucas quedan atrapados dentro dos seus teléfonos móbiles mentres os seus personaxes cruzan a pantalla e saen ao mundo real... dispostos a amentar o caos.

O fenómeno viral de internet dá o salto aos escenarios cunha proposta orixinal que traslada ao público os mellores personaxes, *sketches* e historias destes dous irmáns coñecidos polo seu inconfundible humor e especial creatividade.

Vistes ultimamente os personaxes de Pepe e Lucas?

Pode que non estean dentro das vosas pantallas... pode que estean aí fóra.



Procedencia: Galicia



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



A FURIA DA AMANITA

Redrum Teatro e CDG

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO

SÁBADO 7

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO | 95 MINUTOS | GALEGO | 8€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Elenco: Sheyla Farfía e Miguel Borines
Dirección: Guillermo Carbajo e Alex Sampayo
Texto: Santiago Cortegoso
Deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio
Deseño de escenografía: José Perozo
Espazo sonoro: Davide González
Deseño de vestiario: María Illobre
Produción: Redrum Teatro
Distribución: Guillermo Carbajo

Texto de Santiago Cortegoso gañador da Bolsa de Dramaturxia e Creación do Centro Dramático Galego.

Sinopse

Despois dunha década vivindo no estranxeiro, Irene regresa á casa da súa infancia para atoparse cun pai recluso no silencio e a rutina. Entre diálogos fragmentados, recordos intermitentes e tensións ideolóxicas, ambos os dous intentan reconstruír un vínculo roto pola perda, a distancia e os reproches. *A furia da Amanita* é unha obra sobre o dó, o choque xeracional, a conciencia social e a imposibilidade de fuxir do pasado.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



QUÉ BRISA, LA RISA!

Cía. María Escobar (coproduce: Akántaros)

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO

DOMINGO 8

12:30, 16:30 e 18:00h - Auditorio Municipal do Concello

DANZA | PRIMEIRA INFANCIA
(6 MESES A 3 ANOS)

40 MINUTOS
(25 MIN. DE ESPECTÁCULO + 15
DE INTERACCIÓN E XOGO COS BEBÉS)

SEN TEXTO | 3€

AFORO SÚPER REDUCIDO EN ESCENARIO

Todas as persoas, incluídos menores de calquera idade, pagarán entrada.

A organización recomenda no espazo de representación (escenario) só unha persoa adulta por neno/a ou grupos de nenos/as. O resto do público poderá sentarse de balde no patio de butacas, con visibilidade reducida, ata completar capacidade.

Ficha técnica e artística

Elenco artístico: María Escobar

Dirección e dramaturxia: Laura Szwarc

Música: Shanti

Deseño de vestuario: Akántaros

Deseño de escenografía: Juan Manuel Recover e Chefer Cúneo

Deseño de iluminación: Juan Manuel Recover

Técnico de luz e son: Sergio García

Distribución: Amarelo – Lilian Portela

Sinopse

Non é pato, non é sapo, non é paxaro, non é elefante: *Bichita* tiña que ser. Ela sempre ten ganas de ver, escoitar, sentir todo o que o mundo lle propón. Desde a mañá temperán cando comeza o día, *Bichita* xoga e baila; quere contar o contento que está.

O espazo escénico composto por un lindéu branco e un lenzo pintado que evoca un suxestivo e atractivo bosque –realizado polo artista bonaerense Chefer– representa un lugar aberto de xogo, onde a *Bichita* camiña, baila, roda, xoga, e mostra os seus costumes. Irán aparecendo diversos obxectos (grandes, pequenos, de distintas texturas, e cores) cos que interaccionar, onde o espazo e os obxectos se apoían nas cores primarias.

Procedencia: Madrid



A intérprete, a través da danza, o movemento e os sons acompaña aos máis pequenos a atopar o seu lugar na paisaxe que se lles presenta. Un lugar por descubrir para explorar, xogar e gozar. Desta maneira, tod@s xunt@s, cómod@s, gozaremos da proposta, xerando un clima de atención e coidado cara @s espectador@s.

Este espectáculo percorreu prestixiosos festivais nacionais de Teatro e Danza para Bebés como “Rompiendo el Cascarón”, “Chupetes”, “Ovni”, “Akafest” e o Museo Arqueolóxico (Madrid); “El Calderón en Pañales” (Valladolid) e CIVICAN (Pamplona), entre outros moitos circuitos escénicos. A Compañía especializase, fai máis dunha década, na liña de Primeira Infancia participando en recoñecidos Teatros, Festivais e Museos nacionais.

Unha linda maneira de achegar a est@s primeiro@s espectador@s a exploración do corpo e o seu movemento; a danza que xorde a través do xogo.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



CONTRA ANA

La Contraría

NOVEMBRO

VENRES 13

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

CONCELLO
DE VIGO



TEATRO AUTOFICCIÓN - TCAS | XUVENIL/ADULTO | 70 MINUTOS | CASTELÁN | 10€

Procedencia: Madrid



Ficha técnica e artística

Autoría: Alma García

Dirección: Paco Montes

Elenco: Carmen Climent, Alma García, León Molina e Beatriz Justamante/Jone Laspiur

Músico: Cristian Olarte

Iluminación: Ana López

Contidos audiovisuais e comunicación: Alberto Baldini

Axudante de dirección: Beatriz Justamante

Dirección de produción: Elvira Casado

Produción executiva: Marta Aran

Distribución: Jorge Dubarry

Distribución para Galicia: Carlos M. Carbonell – Crémilo

Premios

Mellor Espectáculo Revelación - XXVIII Premios MAX 2025

Recomendado Rede Nacional de Teatros - Caderno Teatro nº 58 - xaneiro 2025

Premio Especial do Xurado - Palma, Feira de Artes Escénicas - 2024

Primeiro Premio D'Ensayo - Festival de Teatro e Ciencia - 2024

Mención Especial - Festival Territorio Violeta - 2024

Sinopse

Contra Ana é unha autoficción que retrata a anorexia (e por descontado que é un trastorno alimentario (TCA) na súa complexidade) desde a experiencia real da autora, Alma García. Céntrase especialmente no ano que pasou ingresada nunha clínica en Barcelona e reflexiona sobre a identidade e o que este concepto supuxo para ela. A obra penétrase na procura dos porqués e na responsabilidade que a sociedade ten no desenvolvemento (ou mantemento) dun trastorno.

CONCELLO
DE VIGO



O SANGUE DAS PROMES(S)AS: INCENDIOS

Sarabela / A Escola da Noite

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO

SÁBADO 14

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO CONTEMPORÁNEO | TODOS OS PÚBLICOS (+12) | 100 MINUTOS | GALEGO E PORTUGUÉS | 10€

Ficha técnica e artística

Elenco artístico: Nerea Brey, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Ricardo Kalash, Igor Lebreau, Miguel Magalhães, Laura Míguez,

Ana Teresa Santos, Elena Seijo

Autoría: Wajdi Mouawad

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Tradutores: Fernando Dacosta e Manuela Torres

Escenografía e iluminación: Laura Romero Iturralde

Vestuario e confección: Diego Valeiras

Espazo sonoro: Renata Codda Fons

Dramaturxia de movemento: Rut Balbís

Fotografía: Rubén Vilanova, Eduardo Pinto

Gravación: Alba V. Carpentier

Axudante de dirección: Fernando González

Distribución: Sarabela e A Escola da Noite

Equipo Técnico: José Bayón, Zé Diogo, Rubén Dobaño, Diogo

Lobo, Danilo Pinto, Rui Valente

Deseño gráfico e comunicación: Redeiras.Net

Produción: Eduardo Pinto e Fina Calleja

Apoio á difusión: Consulado Geral de Portugal en Vigo:

Camões-CCP Vigo

Sinopse

Unha muller, Nawal Marwan, acaba de morrer e hoxe abre a porta ao seu silencio e aos seus segredos. Deixa aos seus xemelgos un traxe de tea verde, un caderno vermello e dous sobres que son coma dúas caixas de Pandora das que xorden males e marabillas, e cuxo contido lles vai arrastrar a una fabulosa odisea, cara a un continente afastado, cara a un pasado descoñecido, cara a un segundo nacemento.

O *sangue das promesas*: *Incendios* de Wajdi Mouawad está considerada unha das grandes obras teatrais deste século. Unha rede de significados que transcende o contexto xeográfico inicial para examinar os mecanismos universais da barbarie e da redención.



Procedencia:
Galicia/Portugal

A súa mensaxe de esperanza, esa arela por recuperar a dignidade ou por non perdela, por darlle as costas á vinganza, e frear a violencia e o odio, parecen bos camiños para abrir fendas de luz suficientes para seguir crendo no futuro.

Aborda temas universais: orixe, guerra, exilio, identidade, morte, amor imposible. É un punto de referencia esencial no teatro contemporáneo.

Riqueza temática: violencia política, amor maternal e busca da verdade.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



RETRANCA... E MAXIA

Luis Boyano

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO

DOMINGO 15

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

MAXIA E HUMOR | FAMILIAR | 70 MINUTOS | GALEGO | 5€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Elenco artístico: Luis Boyano

Autoría: Luis Boyano

Dirección: Rocío de Elías

Adaptación: Luis Boyano

Escenografía: Rocío de Elías

Deseño son: Marta Kaddour

Deseño iluminación: Iván Santa Cruz

Vestuario: Rocío de Elías

Música: Benito Román

Coreografía: Marta Kaddour

Introdución

Luis Boyano, un pallaso de corazón, ilusionista e comunicador nato, preséntase no escenario como un showman completo. Pero Luis é moito máis que un mago, é un cómico, un mimo e sobre todo un gran ilusionista que non deixa un segundo para a reflexión ou o descoído.

O Show

"Retranca...e maxia" é un espectáculo onde a sorpresa se solapa continuamente coa gargallada e viceversa, ata o final do show. Cada momento está coidadosamente deseñado para manter ao espectador ao bordo do seu asento, sen dar un respiro á emoción e a diversión.

Participación do Público

Unha das características máis destacadas do espectáculo é a participación activa do público. Luis Boyano sabe involucrar á audiencia, facendo que sexan parte integral da actuación. Este enfoque non só rompe a cuarta parede, senón que tamén crea unha conexión única e memorable entre o artista e os espectadores.

A Versatilidade de #Luis Boyano

#Luis Boyano é un artista versátil que se move con facilidade entre diferentes disciplinas do entretemento. A súa capacidade para facer rir, emocionar e sorprender é evidente en cada un dos seus actos. Como mimo, os seus movementos precisos e expresivos engaden unha capa adicional de profundidade á súa maxia. Como cómico, os seus tempos cómicos e o seu enxeño aseguran risas constantes. E como ilusionista, a súa habilidade para realizar truccos asombrosos deixa ao público pampo.

Conclusión

"Retranca...e maxia" de Luis Boyano non é só un espectáculo de maxia, é unha experiencia completa que combina humor, mimo, e asombro nun só show. É unha oportunidade para ver a un artista no seu mellor momento, presentando unha actuación que deixa unha impresión duradeira en todos os que teñen a sorte de presenciala.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO





NOVEMBRO

VENRES 20

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO | 100 MINUTOS | CASTELÁN | 12€

Ficha técnica e artística

Elenco:

Cristina Medina – Demesa

Sonia Astacio – Micciona

Santiago Molero – Presentador / Siro

Jasio Velasco – Ctesifonte / Sostrata

Falín Galán – Esquino

Rocío Galán – Pánfila

Josu Eguskiza – Geta / Sanión / Hegiona

Dirección e adaptación: Chiqui Carabante

Escenografía: Walter Arias

Iluminación: Valentín Donaire

Son: Pepe Mende

Vestuario: Salvador Carabante

Música e espazo sonoro: Falín Galán e Jasio Velasco

Coreografía: María Cabeza de Vaca

Comunicación: Teresa Muñiz

Distribución: Elena Carrascal

Unha produción de FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE MÉRIDA, GNP PRODUCCIONES Y CLÁSICOS CONTEMPORÁNEOS ESPECTÁCULO, co apoio da Axencia Andaluza de Institucións Culturais.

Sinopse

Que tipo de educación é mellor: unha estrita e rixida ou unha máis liberal e aberta? Ese é o dilema que atormenta aos pais e ás nais desde fai miles de anos e a controversia que expón esta obra, escrita no século II antes de Cristo.

Los Hermanos aborda unha disxuntiva: a elección entre dous modelos de educación, encarnados polos personaxes de Démesa e Miccióna, dúas vellas irmás de temperamentos moi diferentes. Mentres que a primeira é unha nai moi estrita e preocupada polos seus dous fillos, Esquino e Ctesifonte, a segunda é unha solteirona xovial e permisiva que adoptou a un dos seus sobriños, Esquino.

Será el quen se apodere da cortesá Báquide, non para satisfacer os seus propios instintos, como todos cren, senón para entregarlle ao

Procedencia: Andalucía



seu tímido irmán Ctesifonte, que non se atreve a facelo por medo á súa nai. Porque Esquino, en realidade, está namorado da moza Pánfila, prototipo de rapariga pobre pero virtuosa.

Ao final, todo se descobre e os dous mozos logran casar coas mulleres ás que aman: Ctesifonte coa cortesá Báquide e Esquino coa virtuosa Pánfila. E que ocorre entón coa súa nai, a vella Démesa? O inevitable: renuncia aos vellos principios que guiaran a educación do seu fillo.



CRÓNICA DO REI PASMADO

Contraproduccións

NOVEMBRO

SÁBADO 21

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO (+14) | 100 MINUTOS | GALEGO | 10€

CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística

Elenco: Anxo Outumuro, María Roja, Toni Salgado, Antonio Mourellos, Machi Salgado, Nacho Castaño, Cristina Andrade.

Adaptación e dirección: Cándido Pazó

Iluminación: Afonso Castro

Escenografía: Pablo Giráldez (O Pastor)

Vestuario e caracterización: Alfonso Pérez

Música: Manuel Riveiro

Producción executiva: Belén Pichel

Distribución: Sergi Calleja

Sinopse

Nun Madrid barroco de intrigas, sotanas e segredos, un novo monarca queda atónito ante o misterio do corpo feminino. O seu desexo de ver espida á raíña desata un terremoto na corte, onde bispos, validos e criados se confrontan entre o pecado e o pracer, entre a razón e a fe.

Con humor mordaz e unha ironía deslumbrante, esta versión teatral revive a sátira máis brillante de Torrente Ballester: unha comedia sobre o poder, a hipocresía e a liberdade dos sentidos. Un simple capricho real pode poñer en xaque a todo un imperio. Historia, erotismo e crítica social fúndense nunha posta en escena tan divertida como provocadora.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Procedencia: Galicia

CONCELLO
DE VIGO



ZEPO ZAPO

Markeliñe

NOVEMBRO

DOMINGO 22

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO XESTUAL | FAMILIAR | 50 MINUTOS | SEN TEXTO | 5€

CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística

Guión e dramaturxia: Iñaki Eguiluz.

Dirección: Markeliñe

Elenco: Itziar Fragua, Nerea Martínez.

Escenografía: Concepto Markeliñe.

Iluminación: Paco Trujillo.

Vestuario: Marieta soul.

Atrezzo: Ruiz Carpinteros, Javi Fernández.

Música: Jim Pinchen.

Fotografía: Jesús Mari García.

Dossier e deseño: Eneko Etxeandia.

Produción: Markeliñe.

Promoción e distribución: Teresa Sala.

Distribución en Galicia: Carlos M. Carbonell – Crémilo.

Coordinación: Joserra Martínez.

Sinopse

Un espectáculo xestual, para público familiar, que conta a historia de calquera guerra. Ou mellor dito, a historia daqueles que son protagonistas nunha.

Zepo foise á guerra...E alí atopouse con outra coma ela pero distinta. Dúas soldados inimigas cara a cara. A "mala" é a outra. Ela é a estraña e a estranxeira. Pero así pensan as dúas. Que facemos entón?

A de Zepo e Zapo é unha guerra estraña, distinta da que se ve no cine ou na televisión, porque as protagonistas non necesitan disparar para dicir "aquí estou eu e son mellor ca ti" ou, ao revés "son peor ca ti". Probablemente xa saben que as palabras, as miradas ou os xestos poden ferir máis que as armas.

Segundo transcorren as súas disputas, encontros e desencontros nese particular universo compartido, ocorre algo curioso entre soldados inimigos. É un segredo que cada unha garda como unha sensación inconfesable: "Por que somos inimigas se parece que nos gusta estar xuntas?", preguntánsen se dicilo.

Un marabilloso traballo de interpretación que consolida un espectáculo conmovedor e emotivo.

Procedencia: Euskadi



CONCELLO
DE VIGO



ICTUS (ANATOMÍA DE "A DERRADEIRA LEICIÓN" DE CASTELAO)

Chévere

NOVEMBRO

VENRES 27

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO DOCUMENTO - MEMORIA - DCA | ADULTO (+12) | 110 MINUTOS | GALEGO, LSE E AUDIODESCRICIÓN | 10€

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

En escena: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Borja Fernández, Gema Santos e Marcos Pereira
Idea e creación: Chévere
Dramaturxia e dirección: Xron
Comunicación: Xana García
Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo
Iluminación: Fidel Vázquez
Distribución: Cremilo / Carlos M. Carbonell
Produción: Carme Giráldez
Fotografía: Sabela Eiriz
Vestuario: Uxía Vaello
Aseoramento lingüístico: Rosa Moledo
Produción, administración: Inés Portela
Adaptación a LSE: Carla Méndez
Deseño 3D: Xabier Vilas
Impresión 3D: CIFP Compostela, Centro Eduardo Barreiros, Álvaro Rey Rodríguez
Tratamento escenografía: Carlos Alonso
Aseoramento da cegueira: Paula Varela

Unha co-produción de Chévere e o Centro Dramático Nacional, con apoio da Agadío-Xunta de Galicia. Colaboran Concello de Ames, Auditorio de Galicia.

ACCESIBILIDADE: esta obra integra en escena a lingua de signos (LSE) para persoas xordas signantes e conta con audiodescrición en directo desde o escenario integrada na narrativa, para persoas con discapacidade visual.

Dispoñible programa de lectura fácil, programa de man en braille e material de mediación para persoas xordocegas. A compañía ofrece a posibilidade de visita táctil previa á función exclusivamente para persoas cegas, previa inscrición no correo ofi.areacultural@vigo.org



Sinopse

ICTUS é unha obra sobre a memoria, sobre a relación que existe entre boa memoria e boa democracia e sobre os traumas sen resolver coa nosa memoria histórica. Unha obra que usa como fio condutor o cadro titulado "A derradeira leición do mestre", que é a derradeira pintura que Castelao asina no exilio, cando está case cego. A obra propón unha viaxe inversa no tempo, acompañando o cadro desde o acto de recibimento que lle organiza o goberno galego cando chega por primeira vez a Galicia no 2018 para protagonizar unha exposición sobre a educación, ata o acto en memoria de Alexandre Bóveda no que se presenta en público por primeira vez no Centro Ourensán de Bos Aires (Arxentina) o 17 de agosto de 1945, noveno cabodano do fusilamento de Bóveda polos militares golpistas, declarado Día dos Mártires de Galicia pola colectividade galega desterrada.

Argallamos un dispositivo documental no que se cruzan as voces de numerosas testemuñas, para dialogar coa historia persoal dunha muller que sofre alteracións da memoria por un dano cerebral adquirido, causado por un ictus que lle dá durante ese acto de recepción do cadro de Castelao.

O resultado é unha viaxe escénica que nos invita a entender como se constrúen -e como se disputan- as narrativas da memoria.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MADNESS

Yllana

NOVIEMBRE

SÁBADO 28

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

CONCELLO
DE VIGO



TEATRO | ADULTO | 90 MINUTOS | CASTELÁN | 10€



Procedencia: Madrid

Ficha técnica e artística

Elenco: Íñigo García Sánchez, Pedro Herrero, Adri Soto, Manu Pilas

Dirección: Joe O'Curneen

Idea orixinal: Yllana e Primal Brothers

Dirección e dramaturxia: Joe O'Curneen

Composición musical e arranxos: Santi Ibarretxe

Dirección musical: Manu Pilas

Deseño de escenografía: Marcos Carazo

Deseño de iluminación: Lola Barroso

Deseño de son: Mario Páramo

Deseño de vestiario: Tatiana de Sarabia

Sinopse

Das mentes inescrutables que crearon *The Primitives* en 2016 nace agora *Madhess*, unha comedia musical sobre a vida nas marxes do sistema.

De alternar coa elite a durmir debaixo dunha ponte. Da indixencia á *jet set*. Onte comendo ostras; hoxe ostracismo.

Yllana e Prímital Brothers volven unir as súas forzas para dicirnos que a tecnoloxía é a nova mitoloxía, que a vida cotiá é de tolos, que a risa é sagrada e o canto a capela é a áncora coa humanidade.

CONCELLO
DE VIGO



VOO

Teatro O Cubo

NOVEMBRO

DOMINGO 29

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO FÍSICO E OBOXECTOS | +3 ANOS | 45 MINUTOS | GALEGO | 5€

CONCELLO
DE VIGO

Procedencia: Galicia

**Ficha técnica e artística**

Elenco: Sofía Espiñeira López e Uxía Algarra Cajide

Dirección: Roberto C. Mouriño

Vestiarío: Carmen Pichel

Música: Paulo Medal e Brais das Hortas

Foto e vídeo: Diego Bea Besada

Distribución: Urdime

Descrición

Voo é o novo espectáculo de Teatro O Cubo, unha peza de teatro físico e manipulación de obxectos para público infantil e familiar que aborda a meta máis soñada polo ser humano: voar sen ás. Inspiradas por esta utopía, dúas personaxes lanzaranse á procura do ceo envolvendo ao público na ingravidez e na fantasía. Comezarán con ilusión e asombro, entrará en xogo a esixencia e a avidez polo éxito e pasarán por outros lugares como a convivencia, a amizade e o descubrimento do goce de soñar alto sen ter que gañar ou perder. A danza, a música, o movemento, a poesía visual e a comichade están presentes en todo momento, facendo desta proposta unha viaxe para os sentidos.

Espectáculo seleccionado para Camino Escena Norte 2026
Espectáculo programado en Galicia Escena Pro 2026

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOSCONCELLO
DE VIGO

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

1. O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade** á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicitase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

2. As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.

3. As portas de acceso abranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

4. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.


5. **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e cómputase por persoas, non por butacas ocupadas.

6. Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.

7. A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

8. Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.

9. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.





VENDA DE ENTRADAS

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: www.giglon.com
- Na **Papelería Folder Progreso** (Rúa Progreso, 22, Vigo), en horario de **luns a venres de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:00 horas, e os sábados de 10:00 a 13:30 h.**
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo **no despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles).

DESCONTOS PARA MOCIDADE

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público menor de 25 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet para os espectáculos de adultos, co código de desconto **OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio Municipal poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)

ABONOS

(**Só en anticipada**, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio, **dispoñibles ata o venres 6 de novembro**):

ABONO Á CARTA 5: elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10: elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.



Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida (PMR) que NON contan con butaca física; son espazos adaptados para aquelas persoas que acudan en cadeiras de rodas. Así mesmo, hai 4 butacas ao seu carón reservadas para os seus acompañantes** (de ser o caso).

No caso de adquirir entradas nesta modalidade **é importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a PMR).

As entradas adquiridas destinadas a PMR **sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.**

Puntos de venda



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



CONCELLO
DE VIGO



INFORMACIÓN

Teléfonos desde Vigo: **010**

Desde móvil ou fóra de Vigo:

986 810 260

Horario:

De luns a venres - de 8:00 a 20:00 h.

Sábados - de 10:00 a 14:00 h.



@Vigo_cultura




vigocultura





010
Servizo de Atención Cidadá

www.vigo.org



CONCELLO
DE VIGO



Puntos de venda



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Reló n.º 1

Dep. Legal: VG 569-2026

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR